

Annuario Sancti Iacobi, 7 (2018), pp. 261-274.
ISSN 2255-5161

Dous relatos para a *Translatio Capitis* de Santiago Alfeo

TWO STORIES FOR THE *TRANSLATIO
CAPITIS* OF SANTIAGO ALFEO

MARINA PÉREZ TORO
Becaria FEUGA na Fundación Catedral

Dous relatos para a *Translatio Capitis* de Santiago Alfeo

MARINA PÉREZ TORO

Becaria FEUGA na Fundación Catedral

Recibido: 16/06/2019

Aprobado: 19/07/2019

RESUMO: A finalidade desta investigación é achegarnos a dúas versións sobre a *translacione capitis*, nas que se narra como se trouxo a Compostela a cabeza de Santiago Alfeo, o Menor. Ambas narran un mesmo acontecemento mais, ao estar redactadas en contextos diferentes, presentan numerosas modificacións tanto de contido como de forma. Para poder comprender o porqué do nacemento de dous relatos diferentes para a xustificación dun mesmo caso, foi preciso estudar, primeiramente, o papel das reliquias na sociedade medieval, para logo pasar a analizar a figura de Santiago Alfeo e o seu martirio, e, finalmente, as particularidades do caso compostelán, onde esta figura resultou especialmente interesante, en máis dunha ocasión. Estas versións atópanse na *Historia Compostelana* e no *Tumbillo de Privilegios*¹ e, posteriormente nos *Miragres de Santiago*. O primeiro deles, redactado durante os primeiros anos do século XII, entre o 1118 e o 1120, co arcebispo Diego Xelmírez á cabeza da sede compostelá, preséntanos un relato máis cru; o segundo, pola contra, redactado, probablemente, durante o arcebispado de Berenguel de Landoira (tese xa defendida por Serafín Moralejo que tomaremos neste artigo), trátase dunha historia moito máis delicada en canto aos feitos e que posúe un maior número acontecementos milagrosos.

Palabras chave: Santiago Alfeo, reliquia, Santiago de Compostela, *translatio*.

Códigos UNESCO: (Historia medieval) 550403, (Paleografía) 550508, (Historia de la Iglesia) 550690.

¹ Transcrito en PÉREZ MILLÁN, Juan, “La cabeza de Santiago el Menor”, *Compostellanum*, Santiago, 1956, pp. 477-480.

TWO STORIES FOR THE *TRANSLATIO CAPITIS* OF SANTIAGO ALFEO

ABSTRACT: The purpose of this research is to approach two versions of the *translacione capitis*, in which it is narrated how the relic of the Santiago Alfeo's head is brought to Compostela. Both narrate one same event but, being written in different contexts, they present numerous modifications of both content and form. In order to understand why the birth of two different stories to justify the same case, it was necessary to study the role of relics in medieval society, then to analyze the figure of Santiago Alfeo and his martyrdom, and, finally, the particularities of the the compostelan case, where this figure was especially interesting, in more than one occasion. These versions are written in *Historia Compostelana* and in the *Tumbillo de Privilegios* and later in the *Miragres de Santiago*. The first one, written during the first years of the 12th century, between 1118 and 1120, with Archbishop Diego Xelmírez at the head of the Compostela headquarters, presents us a rawer story; the second, on the contrary, probably written during the archbishopric of Berenguel de Landoira (thesis already defended by Serafin Moralejo that we will take in this article), is a much more delicate story as to the facts and that has a greater number of miraculous events.

Keywords: Santiago Alfeo, relic, Santiago de Compostela, *translatio*.

* A IMAXE DO SANTO E AS SÚAS RELIQUIAS DURANTE A IDADE MEDIA.

Para poder entender a espiritualidade medieval, é preciso coñecer o papel que desempeñaban os santos e as reliquias como figuras mediadoras entre Deus e os fieis. Socialmente supuxeron unha recuperación do popular, unha adaptación do panteón pagán a unha nova concepción relixiosa. O santo tratábase dunha figura mediante a cal a poboación podía elaborar os seus propios arquetipos relixiosos, a través da “imaxinación e da simboloxía inmersas na alma do pobo”².

O santo posuía o privilexio de estar tocado pola gracia divina, polo que era quen de obrar milagres, ademais de estar dotado de capacidades taumatúrxicas e curadoras que serán logo traducidas nas súas reliquias e en moitos dos seus obxectos persoais. A imaxe do santo verase rodeada dunhas lendas e duns milagres que lle outorgarán prestixio, e as súas reliquias gardaranse nos santuarios co fin de renderlles homenaxe³.

Será a capacidade de interceder o que capte rapidamente a atención do pobo, pois eses poderes curadores e taumatúrxicos respondían ás

* *O presente artigo baséase nun traballo presentado para o Máster de Estudos Medievais da Universidade de Santiago de Compostela, durante o curso académico 2018-2019.*

² PABLO MAROTO, Daniel de, *Espiritualidad de la Alta Edad Media (siglos XIII-XV)*, Madrid, Editorial de Espiritualidad, 1998, p. 395 (Tradución da autora).

³ *Ibidem*, p. 397.

demandas e preocupacións dunha sociedade con continuas pestes e revoltas pois, ante os atrancos que podía implicar un deus afastado, era preciso un achegamento do poder de Deus a través dos seus mediadores, para presentar un mundo cristián que non deixaba de ser novidoso.

Nos primeiros tempos da *religio illicita*⁴ e ata que se declare a liberdade de culto do cristianismo no ano 313, a reliquia era considerada unicamente un recordo pero, a partir dos tempos de Constantino, a función taumátúrxica do santo en cuestión comeza a traspasar xa ás reliquias. Esta importancia outorgada levará a que o comercio coas reliquias e a profanación de tumbas na procura de recordos do santo ou santa cos que comerciar sexan unha actividade común, ata o punto de ter que legislar e limitar ditas actividades xa dende a época de Teodosio I (379-395)⁵, en cuxo código se ordena que os mártires sexan venerados nos lugares dos seus enterramentos, prohibindo a comercialización de reliquias.

A partir do século V, a difusión do culto ás reliquias é tal, que non se entende que exista igrexa de importancia sen a súa correspondente reliquia. Á cabeza deste movemento, ao ver tal beneficio, xa se atopaban bispos e mosteiros⁶, pero a clave agora sería saber canalizar esa afluencia e ingresos que a reliquia podía ter.

Por unha beira, estes ingresos chegarían ao lugar de culto da man das peregrinacións á tumba de santos, mais tamén chegaban ingresos a través das festas anuais que celebraban o día da morte do mártir en cuestión, para o que se realizaban donativos, e a través dos enterramentos, onde primaba a proximidade ao enterramento do mártir, etc.⁷. Co tempo, esta demanda foi crescendo e, aínda que non foi aprobada por moitos pensadores cristiáns, o certo é que a difusión de reliquias cara os diferentes centros de culto foi imparable.

Santiago Alfeo na tradición escrita.

Ese será o caso, por ser un dos apóstolos de Cristo, de Santiago o Menor, un dos santos máis venerados da cristiandade.

⁴ BUENCASA PÉREZ, Carles, “La instrumentalización económica del culto a las reliquias: una importante fuente de ingresos para las iglesias tardoantiguas occidentales (s. IV-VIII)”, *Santos, obispos y reliquias. Acta Antiqua Complutensia*, n. 3, 1998, p. 123.

⁵ *Ibidem*, p. 124. Neste artigo fálase da lexislación que levou a cabo Juliano no 363, aínda que moitos investigadores non entenden dita lexislación coma unha resposta ante os abusos, senon coma unha resposta dunha persoa educado nos usos romanos de enterramento que non comprende unha nova relixión cristiá na que as reliquias son chave.

⁶ *Ibidem*, p. 126.

⁷ *Ibidem*, p. 131.

Santiago o Menor era fillo de María Cleofás, irmá de Ana -nai da Virxe María-, e de Alfeo, primo irmán de Xesucristo. O apelativo de «Menor» ven da man do evanxalista San Marcos, para poder diferencialo do Maior, tendo en conta a importancia e a idade. Unha vez morto o Maior no 44 d. C. en Jaffa, Santiago Alfeo pasará a perder dito apelativo⁸.

Segundo conta Eusebio de Cesárea na súa *Historia Eclesiástica*, Santiago o Menor, coñecido como “o Xusto”⁹, “porque se lle consideraba o máis xusto entre todos pola cima da sabedoría e a piedade á que chegara na súa vida”¹⁰, fora confiado ao trono episcopal de Xerusalén polos Apóstolos e, nesta mesma cidade, foi onde tivo lugar o seu martirio. Primeiramente foi obrigado a negar a fe en Cristo, mais Santiago reafirmouse nela, polo que será, entón, arroxado dende o pináculo dun templo, apedrado e rematado por un bataneiro, que lle asestará un golpe na cabeza que o levará á morte.

Jacobo de la VoráGINE, na *Legenda Aurea*, di del que celebrou a primeira misa que se dixo en Xerusalén e, do mesmo xeito que Eusebio, narra o seu martirio acusando aos fariseos e escribas quen, ante a negativa de Santiago de rexeitar a Cristo, deciden arroxalo dun templo, recalcando que sae ileso, para logo apedralo e para, finalmente, asestar o golpe do bataneiro na cabeza que “lle rompeu o cranio e saltou os miolos”¹¹; estos “matárono, aproveitando oportunamente a falta de goberno”¹².

Logo do martirio, a súa cabeza pasaría a ser unha das reliquias máis cobizadas no occidente cristián, motivo polo cal Compostela tamén a solicitará para si.

O CASO COMPOSTELÁN: DÚAS VERSIÓNS DA *TRANSLACIONE CAPITIS SANCTI JACOBI*¹³.

A cabeza de Santiago Alfeo foi, dende a súa chegada, unha das reliquias máis importantes para a sede compostelá. Supuxo unha importante fonte de ingresos para o templo xa que se trataba dunha das máis veneradas, aínda hoxe en día, do cristianismo, complementando o relato xacobeo e lexitimando a posición de Compostela coma un dos maiores centros de culto e peregrinación de todo o occidente medieval. Dita supremacía radica nesa

⁸ GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (com.), *En olor de Santidad. Relicarios de Galicia (Exposición celebrada en Santiago de Compostela del 01-07-2004 al 29-08-2004)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004, p.167.

⁹ Sobrenome que xa da Hegesipo en *Memorias* e en *Antigüedades de los Judíos* (Tradución da autora).

¹⁰ CESÁREA, Eusebio de, *Historia Eclesiástica*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos, 1997, p. 106 (Tradución da autora).

¹¹ VORÁGINE, Santiago de la, *La leyenda dorada* (J. M. Macías, trad.), vol. 2, Madrid, Alianza Editorial, 2016, p. 282 (Tradución da autora).

¹² CESÁREA, E., *Historia Eclesiástica*, op. cit., p. 106 (Tradución da autora).

¹³ PÉREZ MILLÁN, J., “La cabeza de [...]”, op. cit., pp. 477.

condición de "dobrememente xacobeo"¹⁴, por posuír, como dixemos, o corpo enteiro do Apóstolo Santiago o Maior e, dende a primeira metade do século XII, a cabeza de Santiago o Menor.

Aínda así, e a pesar de tratarse de dúas figuras clave no cristianismo, o propio culto a Alfeo precisaba tamén dunha lexitimación, polo que foi necesario levalo ás fontes escritas e aos relatos.

O relato da *Historia Compostelana*

A *Historia Compostelana* trátase dunha das grandes compilacións do período xelmiriano. Nela preténdese realizar un recorrido pola historia da sede dende os seus comezos ata o momento da súa realización. Pódese dividir en dous períodos: unha primeira etapa, cara 1109-1110 realizada por Munio Afonso, e unha segunda parte, encargada ao Mestre Giraldo, cara 1122-1123; ambos encargáronse da súa compilación¹⁵ — seguindo a Fernando López Alsina— dado que, dentro da *Historia* atópanse, cartas pontificais, documentos rexios, pezas narrativas... todas elas integradas para unificarse nesta sorte de crónica-cartulario¹⁶.

Para poder entender o primeiro dos textos relacionados coa *translatio* da cabeza de Santiago o Menor, que se atopa nesta *Historia Compostelana*, é imprescindible falar da figura de Diego Xelmírez, designado bispo no 1100 e arcebispo no 1120¹⁷, cuxo mandato se centrou nun ambicioso plan co fin de proclamarse patriarca de Occidente¹⁸ axudado pola crecente importancia da veneración xacobeo e pola maior arma propagandística ao culto xacobeo que viu a cidade de Compostela: o *Códice Calixtino*.

Ante a procura desa preeminencia compostelá, buscábase derrotar calquera indicio de superioridade por parte de calquera outra diocese, por iso, cando Xelmírez se decata de que existía a posibilidade de Braga se fixera coa cabeza de Santiago¹⁹, algo que tombaba o relato xacobeo pois Compostela dicía posuír o corpo enteiro do Apóstolo, decide despoxala da

¹⁴ GARCÍA IGLESIAS, J. M., *Santigos de Santiago: dos apóstoles al final del camino*, Santiago de Compostela, Alvarellos, 1950, p. 9 (Tradución da autora).

¹⁵ Para máis información véxase: LÓPEZ ALSINA, Fernando, "Los Tumbos de Santiago de Compostela y las relaciones con el Pontificado", en K. HERBERS e I. FLEISCH (eds.), *Erinnerung – Niederschrift – Nutzung. Das Papsttum und die Schriftlichkeit im mittelalterlichen Westeuropa*, Berlín/ Nueva York, De Gruyter, 2011, pp. 137-170.

¹⁶ *Ibidem*, pp. 139-145.

¹⁷ Xelmírez conseguira doutar á sede do rango de metropolitana nese mesmo ano.

¹⁸ No *Calixtino* pódense observar perfectamente estas ambicións do Arcebispo, xa dende o primeiro momento, no que se dirixe ás principais figuras da cristiandade occidental do momento como Cluny ou Roma.

¹⁹ Nun principio fálase de que é a do Apóstolo Maior, a pesar de que Compostela alardeaba de posuír o corpo enteiro, para logo afirmar que se trataba da cabeza de Santiago o Menor.

reliquia. O relato máis coñecido²⁰ de dita fazaña, viña da man da *Historia Compostelana*, cuxo capítulo 112 facía referencia a entrega da cabeza de Santiago por parte da raíña Urraca²¹, algo que só é posible comprender no contexto no que xorde: as tensións existentes entre Urraca e seu fillo, o futuro Afonso VII, polo interese en recibir o señorío de Galicia.

Neste contexto de tensión, Xelmírez é fiel, nun inicio, a Afonso Raimúndez, aínda crianza, ao velo falto de apoios ademais de non confiar na estabilidade de Urraca²², daquelas xa casada con Afonso I de Aragón²³. Xelmírez era partidario de que o reino lle pertencía, por dereito, ao «Rei Neno» que el mesmo coroara en Compostela, pode que na platea da portada sur, como se ve nos estudos de Manuel Castiñeiras, apoiado pola inscrición «ANFUS REX» no pantocrátor do Mestre da Traizón, de dita portada de Praterías²⁴.

Os composteláns, pola contra, apoiaban á raíña Urraca, e, finalmente, Alfonso Raimúndez tivo que acabar saíndo de Compostela. Xelmírez, vendo os apoios que perdera e a ameaza de toda a cabalaría a favor da Raíña, mandará fortificar a catedral para resistir ante a posible entrada inimiga, en van, pois finalmente Urraca conseguirá entrar e saquear a cidade, ameazando ao Arcebispo e considerando rebeldes aos que lle ofreceran apoio.

Ante este convulso momento, de continuas sublevacións e conspiracións contra o Arcebispo e contra a Raíña, Xelmírez emprende viaxe a León na procura dun acordo e, ao contrario do que moitos naquel entón pensaban, foi honorificamente recibido pola Raíña. Urraca, moi consciente de que era preciso unificar forzas para manter o reino acepta a Xelmírez como “fidelísimo patrono”²⁵ e, a cambio da súa fidelidade, regalaralle a cabeza de Santiago Alfeo, mais... como chegara aquela reliquia a Urraca e de que xeito fora levada a Compostela?

²⁰ Este é o relato máis coñecido actualmente, pois chegou ata os nosos días a través doutros como a crónica do *Viage de Ambrosio de Morales*, a *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* do cóengo López Ferreiro... ademais da *Historia Compostelana*.

²¹ SUÁREZ, Manuel, CAMPELO, José (trad.), *Historia Compostelana*, Santiago de Compostela, Editorial Porto, 1950, p. 213.

²² *Ibidem*, p. 203. Xelmírez observa que Urraca está exposta a numerosas conspiracións.

²³ Un matrimonio que logo será declarado ilícito debido á proximidade de parentesco entre eles.

²⁴ CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, Manuel, “Las portadas del crucero de la Catedral de Santiago (1101-1111)”, *Alfonso VI y su legado: Actas del Congreso Internacional, Sahagún, 29 de octubre al 1 de noviembre de 2009: IX Centenario de Alfonso VI (1109-2009)*, Sahagún, 2012, p. 218.

²⁵ SUÁREZ, M., CAMPELO, J. (trad.), *Historia Compostelana*, op. cit., pp. 213.

O relato do descubrimento da cabeza, que se conta na *Historia Compostelana*, di que fora o arcebispo de Braga, Mauricio Burdino²⁶ quen, estando en Xerusalén²⁷, observou que existía unha pequena igrexa á que os locais acudían a miúdo pois, como lle contara un ancián sacerdote, alí se custodiaba a cabeza do Apóstolo Santiago. O bispo, moi astuto, decide levar esta reliquia a Braga. Achegarase a ela, como se fora venerala, e acometerá o roubo no momento oportuno.

A *Historia Compostelana* non dubida en engadir unha lexitimación divina, pois cando levaba a cabeza roubada a Braga, un ermitán que se atopaba no camiño díxolles "(...) idevos, e a graza de Deus vos acompañe; pois convén que onde está o corpo deste Apóstolo, alí estea tamén a súa cabeza (...)”²⁸, entendendo Mauricio por isto que o Espírito Santo se lles revelara naquel relixioso.

O relato continúa e nel afirmase que, unha vez chegaron á Península, as reliquias foron depositadas na Igrexa de San Zoilo en Carrión de los Condes, lugar elixido estratexicamente dada a inseguridade existente tras a morte de Afonso VI. Dende Carrión, Urraca, unha vez que foi expulsado o rei Aragonés e sendo recibida na cidade, manda levar algunhas reliquias, entre as que se atopaba a xacobeá, a San Isidoro de León. Todo isto²⁹ “regalouno a raíña ao bispo de Santiago”³⁰ entregándollo nunha caixa de prata, símbolo da reconciliación.

No retorno de Xelmírez³¹, logo de reunirse con Urraca en León e de serlle entregada a cabeza do Apóstolo, o prelado manda aos mensaxeiros a Compostela para que anuncien a súa chegada co regalo rexio, algo que non agradou aos opositores, que mesmo pensaban que o bispo non sería recibido por Urraca.

²⁶ Posterior antipapa Gregorio VIII.

²⁷ *Ibidem*, p. 214. Aquí a *Historia Compostelana* fala de que Mauricio fora a Xerusalén unha tempada co propósito de construír unha igrexa “cercana á cidade”.

²⁸ *Ibidem*, p. 214 (Tradución da autora). Nun inicio pénsase que a cabeza roubada en Xerusalén pertencía a Santiago o Maior, mais Compostela presumía de posuír o corpo enteiro, incluída a cabeza, polo que esta correspondería coa de Santiago o Menor.

²⁹ A cabeza, xunto con outras reliquias (un fragmento do sepulcro do Señor, un óso de San Estevo e outras reliquias).

³⁰ Tradución directa do que se di en *ibidem*, p. 215 (Tradución da autora), xa que existen numerosas versións sobre o xeito no que a raíña deu a cabeza á raíña.

³¹ Pode que fora unha artimaña de Xelmírez para derrotar aos detractores: Xelmírez rouba a reliquia pero cega a Compostela dicindo que foi un regalo da raíña para que así, as que a apoiaban, se puxeran do lado de Xelmírez.

Cando chegou a comitiva ao Monte do Gozo, saíu ao seu encontro toda a poboación compostelá e o Arcebispo, descalzo e cantando salmos³², levou o prezado tesouro seguido por unha procesión ata a catedral, alí ofreceulla ao Apóstolo no altar, onde se celebrou unha misa. E tras isto, Xelmírez retirouse aos seus palacios.³³

Este relato amosa ese afán por posuír o maior número de reliquias, complementando así as do corpo de Santiago, e Braga tratábase dun obxectivo fácil de abater, pois aínda se estaban recuperando das guerras sarracenas e, segundo a *Historia Compostelana*, os seus lugares de culto atopábanse nun estado ruinoso³⁴.

Ademais, existía unha rivalidade histórica entre dona Urraca e os portugueses, que se verá intensificada neste momento pola conquista de dona Teresa de Portugal, irmá de Urraca, dalgúns territorios tudenses, algo que tamén suporá unha contraofensiva cara o 1120, momento no que, co apoio de Xelmírez, ao mando dos composteláns e dos irienses, conseguen expulsar de Galicia aos portugueses³⁵.

A todo isto hai que engadir que o interese de Xelmírez en desprestixiar a sede bracarense tamén se deu a inversa, e esta loita entre prelados non se pode deixar de ver coma unha “loita de investiduras”³⁶ entre Xelmírez apoiado por Calixto II, tío de Afonso VII, e Mauricio Burdino, que pasaría a ser coñecido na historia coma o Antipapa Gregorio VIII.

270

O relato dos *Miragres de Santiago* e do *Tumbillo de Privilegios*

O segundo relato, atópase no *Tumbillo de Privilegios, Concordias, Constituciones, etc.* (cf. Cat. nº35, fols. 83r a 85r), cuxa cronoloxía parece xirar arredor dos séculos XIV e XV. O mesmo relato³⁷ atópase no Manuscrito 7455 (fols. 15r a 17r), conservado na Biblioteca Nacional de Madrid, coñecido como o códice dos *Miragres de Santiago*, datado este manuscrito entre finais do XIV e principios do XV³⁸.

³² Auténtica cerimonia de veneración, o relato procura amosar dende o comezo a sacralidade de dita reliquia e así tamén a veracidade.

³³ SUÁREZ, M., CAMPELO, J. (trad.), *Historia Compostelana*, op. cit., p. 216.

³⁴ DÍAZ FERÁNDEZ, José María, “O ‘Pío Ladroízo’ de Xelmírez”, *Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez* (catálogo de exposición), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2010, p. 159.

³⁵ LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, Seminario Conciliar Central, 1899, p. 35

³⁶ MORALES ALVAREZ, Serafín, “Busto-relicario de Santiago el Menor”, *Santiago, Camino de Europa*, Santiago, Xunta de Galicia, 1993, p. 345 (Tradución da autora).

³⁷ Nun momento no que era habitual a tradución de códices a linguas vernáculas.

³⁸ GÓMEZ CLEMENTE, Xosé María, *Miragres de Santiago: o Manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid* (tese de doutoramento), Santiago de Compostela,

Tendo en conta esta datación tan ampla e seguindo as afirmacións de Serafín Moralejo³⁹, é probable que o arcebispo que mandara readaptar este relato xa narrado na *Historia Compostelana* fora o francés Berenguel de Landoira, que sufriu unha situación semellante a Xelmírez e que será analizada a seguir.

É moi posible, por outra parte, que D. Berenguel tivera algo que ver con ese esbozo de «Liber Sancti Jacobi Minoris» que se contén, en opinión do seu editor, nos *Milagres de Santiago*; aínda que materiais para este xa se viñan recompilando dende finais do XIII, como amosa a nova versión da translación da reliquia contida no *Tumbillo de Concordias* (cf. Cat. Nº 35), cuxo protagonista é abade Pedro Afonso do mosteiro portugués de Santa María de Carvoeiro.⁴⁰

O relato narra como un monxe do mosteiro beneditino de Santa María de Carvoeiro, á beira do río Nevia, lle conta ao seu abade, Pedro Afonso, que vira a cabeza de Santiago en Xerusalén. O abade, coidando que se trataba de Zebedeo⁴¹, pregúntalle ao monxe se habería algún xeito de ir a por ela.

Mais, nun soño, revélaselle a Pedro Afonso “*que se quisese traballar en aquilo que coydaa que o acabaría*”⁴², e aproveita a visita do arcebispo de Braga, Don Paio, para contar o acontecido co seu monxe. Don Paio manda entón ao abade e ao chantre de Braga a Xerusalén, na era de 1110, para que trouxeran a reliquia á súa sede.

Unha vez en Xerusalén, o que farán para levarse a cabeza será cambiala por outra. Para isto, Pedro Afonso elixe nun cemiterio, preto da igrexa onde se veneraban os restos do Apóstolo, unha cabeza para intercambiala, mais, ao pouco tempo, o abade tomou aquela cabeza e decatouse de que non era a que el collera no cemiterio; coidando que se trataba dun milagre de Deus, foise á igrexa onde se atopaba Santiago facer a ofrenda e orar. Cando as gardas tiñan adormecido, achegouse á arca onde estaba a cabeza e intentou abrila para facer o intercambio, mais non foi ata o

Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega, 2001, p. 2.

³⁹ MORALEJO ÁLVAREZ, S., “Busto-relicario de Santiago [...]”, op. cit., p. 346. Aquí, nun pequeno parágrafo, Serafín propón que o relato foi redactado durante o mandato de Berenguel de Landoira.

⁴⁰ *Ibidem*, p. 346 (Tradución da autora).

⁴¹ Neste relato o autor xa coñece perfectamente que a cabeza da que se fala correspóndese coa de Alfeo.

⁴² GÓMEZ CLEMENTE, X. M., *Milagres de Santiago*, op. cit., 2001, p. 77.

terceiro intento, con grandes lágrimas e oracións pola graza de Deus, cando a puido abrir.

Fixo o intercambio e, logo de *maitines*, foise da igrexa levando consigo a cabeza de Santiago e deixando no seu lugar a que collera no cemiterio. Cando emprendía a volta cara Braga, chamouno polo nome unha monxa santa que estaba en clausura, e díxolle que o seu cometido e a vontade do Señor era que levase a cabeza a España, concretamente a Galicia, onde xacía o corpo de Santiago Zebedeo, e que incumpriera así o xuramento que lle fixera ao arcebispo.

A monxa anticípalle todo o que pasará ata a súa chegada: os compañeiros de viaxe roubarán dous dentes da reliquia e terá lugar unha grande tempestade; o abade, ordenaralles que devolvan os dous dentes roubados e a tempestade amainará. Tamén pronosticará a chegada da súa nave a porto en España, dende onde emprenderán camiño, pasando pola cidade de Burgos, onde se hospedarán na casa dun home. En Burgos, o chantre que acompañaba a Pedro Afonso tentará levar a cabeza a Braga, pero o hospedeiro, entendendo o problema, fará avisar á raíña dona Urraca quen, descalza, chegará á pousada para que o abade lle faga entrega da cabeza e así poder levala a Santiago, pois esta era vontade de Deus⁴³. Tras esta aventura o abade tornará para a súa terra, e darase por rematado este relato.

272

Esta historia que datamos na primeira metade do século XIV, podería encadrarse nun contexto de procura da estabilidade, paz e dunha renovación tanto eclesíastica como de culto⁴⁴. A situación na que se atopaba a sede compostelá a principios do XIV é complexa: Berenguel chegara ao poder ao ser postulado polo Papa Juan XXII, dende Aviñón, tras un convulso momento, de loitas entre dous bandos que trataban de facer ascender a arcebispos, por unha beira, a don Rodrigo Yáñez de Parada e, por outro, a Afonso Eanes. A todo isto sumouse a xa coñecida presión da burguesía compostelá por recuperar o señorío e sacalo das mans dos eclesiásticos⁴⁵, tamén sufrida en tempos de Xelmírez.

Compostela seguía a ser, xunto con Braga e Toledo, unha das principais sedes peninsulares e, polo tanto, esa necesidade de pacificar a sede era inmediata, o que fixera que o Papa nomeara a alguén de confianza: a

⁴³ *Ibidem*, pp. 77-81.

⁴⁴ A Igrexa de Occidente procuraba unha maior centralización e que o Papa fose a única persoa con poder de tomar certas decisión, algo que se reflexa en nomeamentos coma o de Berenguel, que veñen directamente dende Aviñón, neste caso.

⁴⁵ SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé Manuel, "La intervención del poder pontificio en la revuelta de 1318-1320 en territorio compostelano. Juan XXII y Berenguel de Landoira", *Territorio, Sociedad y Poder*, nº 3, 2008, pp. 195-208.

Berenguel de Landoira⁴⁶. Tras o seu nomeamento e logo de reunirse en Toro con María de Molina, que exercía a rexencia nese momento, dirixírase a Compostela. Mais ao chegar o prelado, atopará as murallas da cidade pechadas e terá que refuxiarse no castelo dos arcebispos composteláns: a Rocha Forte. Alí permanecerá arredor dun mes, ata o momento no que Aviñón lle autoriza a Berenguel o derramamento de sangue no intento de chegar á cidade, causando un enfrontamento que rematará con Alonso Suárez de Deza, á cabeza dos burgueses, e outros rebeldes máis, asasinados.

Ademais de moitos outros episodios violentos, Berenguel será tamén apedrado en Bonaval polos seus súbditos, un episodio que semella case un martirio, e que mesmo lle dará ao prelado certo parecido co Apóstolo que aquí nos ocupa. O Arcebispo utiliza o martirio do propio Santiago Alfeo, que fora apedrado no templo⁴⁷, para situarse coma unha sorte de mártir máis, que ademais posuía o apelativo de «xusto»^[50], un cualificativo que caía como anel ao dedo nestas primeiras décadas do XIV tan convulsas.

Alén disto, a relación de Berenguel coa reliquia de Alfeo será, dalgún xeito, parella á de Xelmírez. Parece que, logo do século XII, a reliquia que tanto supuxera para a sede compostelá pasara ao esquecemento, así e como contan os *Hechos de Berenguel de Landoira*⁴⁸, ata que o prelado francés solicitou un novo relicario, en 1322, para a cabeza do Apóstolo (o actual relicario de Santiago Alfeo)⁴⁹ co fin de recuperar o culto e dignificar a reliquia.

A importancia que irá adquirindo co tempo dita reliquia tamén se reflexará nunha maior presenza desta nas procesións, pois Berenguel, ademais, incorpora a tradición de procesionar co relicario de Santiago Alfeo tamén o 30 de Decembro⁵⁰. Pero tamén se reflexará na arte, exemplo disto será a escultura en altorrelevo do apóstolo que estivo dende o século XIII, e ata hai pouco, na cripta catedralicia, a famosa *catedral vella*.

CONCLUSIÓN

Toda obra é filla do seu tempo e os contextos e os relatos que analizamos aquí xustificanse reciprocamente, un xustifica ao outro e viceversa. As dúas narracións que se pretenderon estudar correspondéronse con épocas e prelados diferentes, polo que neles pódense ver reflexados tamén os diferentes acontecementos sociais e cuestións tanto políticas como eclesiásticas, así como culturais e de mentalidade, que ocorreron con Diego de Xelmírez e con Berenguel de Landoira.

⁴⁶ *Ibidem*, p. 200.

⁴⁷ MORALEJO ÁLVAREZ, S., “Busto-relicario de Santiago [...]”, op. cit., p. 346.

⁴⁸ *Ibidem*, p. 345.

⁴⁹ ARMESTO, Victoria, *Galicia feudal*, Vigo, Galaxia, 1969, p. 305.

⁵⁰ Este día correspóndese co día da *Traslatio*, unha tradición que xa se menciona no *Códice Calixtino*.

Tamén foi preciso estudar, a grandes trazos, a figura de Santiago o Menor dende as súas orixes, comprendendo todos os relatos que xorden ao seu redor, a partir do seu martirio, e tamén a función que posuían as reliquias e os santos como intermediario entre Deus e o fiel.

Por iso, acostumadas a limitar o culto en Compostela a todo o relacionado con Santiago o Maior, cómpre salientar a importancia que tiveron o resto de reliquias, coma a de Alfeo, durante a Baixa Idade Media. Nelas tamén quedaron marcadas unha infinidade de acontecementos históricos e un xeito de comprender a espiritualidade que resulta esencial para poder entender a evolución da sede, das celebracións e mesmo do propio culto.